

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

Decreto 154/2006, do 7 de setembro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 325/2003, do 18 de xullo, polo que se autorizan e regulan os centros integrados de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional (BOE do 20 de xuño), no seu artigo 11 prevé a creación de centros integrados de formación profesional e no seu artigo 10.1º establece que este tipo de centros impartirán as ofertas formativas relativas aos títulos e certificados de profesionalidade referidas ao catálogo nacional das cualificacións profesionais. Ademais, no artigo 11.4º establece que as administracións, no ámbito das súas competencias, poderán crear e autorizar os devanditos centros integrados de formación profesional coas condicións e requisitos que se establezan.

O Decreto 325/2003, do 18 de xullo (DOG do 4 de agosto), regula a autorización con carácter experimental dos centros integrados de formación profesional, sobre a base de solicitude voluntaria dos centros logo de convocatoria das administracións correspondentes. A publicación do Real decreto 1558/2005, do 23 de decembro (BOE do 30 de decembro), polo que se regulan os requisitos básicos dos centros integrados de formación profesional, fai necesaria a modificación parcial do devandito decreto para a súa progresiva adaptación ao novo marco normativo.

A rede de centros integrados de formación profesional de Galicia obedece á necesidade de abranguer a formación regrada, ocupacional e continua na maioría das familias profesionais, á localización dos centros en relación directa co tecido produtivo, ao aproveitamento da experiencia dos centros pilotos que adiantaron esta tipoloxía de centros e a necesaria reordenación do profesorado e alumnado destas ensinanzas.

Por todo isto, por iniciativa conxunta da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria e do conselleiro de Traballo, logo do informe favorable do Consello Galego de Formación Profesional, de acordo cos ditames do Consello Escolar de Galicia e do Consello Consultivo de Galicia, por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día sete de setembro de dous mil seis,

DISPÓNDO:

Artigo 1º

O artigo 2 do Decreto 325/2003, do 18 de xullo (DOG do 4 de agosto), queda redactado nos seguintes termos:

«Definición de centros integrados de formación profesional.

1. Terán consideración de centros integrados de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia aqueles centros que impartan todas as ofertas formativas referidas ao catálogo nacional das cualificacións profesionais que conduzan a títulos de formación profesional e certificados de profesionalidade, en consonancia co disposto nos artigos 11.4º e 10.1º da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

2. Os centros integrados de formación profesional incluírán nas súas accións formativas as ensinanzas propias da formación profesional inicial, as accións de inserción e reinserción laboral dos traballadores e as de formación permanente dirixidas á poboación traballadora ocupada.

3. Ademais das ofertas formativas propias das familias ou áreas profesionais que teñan autorizadas, os centros integrados incorporarán o servizo de información e orientación laboral, así como, de ser o caso, o de avaliación das competencias adquiridas a través doutras aprendizaxes non formais e da experiencia laboral, no marco do sistema nacional de cualificacións e da formación profesional.

4. Mentres non se desenvolva o referido catálogo nacional das cualificacións profesionais, a oferta formativa dos centros integrados de formación profesional terá como base os ciclos formativos e certificados de profesionalidade vixentes, sen prexuízo de poder ofertar, con carácter experimental, outras actividades relacionadas coas cualificacións de marcado carácter estratéxico para a economía galega».

Artigo 2º

O punto 1º do artigo 5 do Decreto 325/2003, do 18 de xullo (DOG do 4 de agosto), que regula a autorización con carácter experimental dos centros integrados de formación profesional, queda redactado do seguinte xeito:

«1. Ser autorizado polo Goberno da Xunta de Galicia mediante decreto, por proposta conxunta da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Traballo, co informe previo do Consello Galego de Formación Profesional, que terá en conta os criterios establecidos polas consellerías competentes en materia de educación e traballo. Utilizando o mesmo procedemento o Goberno da Xunta de Galicia poderá transformar os actuais institutos de educación secundaria e centros de formación ocupacional en centros integrados de formación profesional».

Disposicións adicionais

Primeira.-Os centros integrados que se creen por transformación de institutos de educación secundaria, nos cinco anos seguintes á entrada en vigor do Real decreto 1558/2005, do 23 de novembro, poderán impartir as ensinanzas do bacharelato, tanto na modalidade ordinaria coma na de adultos, sempre que o alumnado destas ensinanzas non represente máis dun terzo do alumnado total do centro.

Segunda.-A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerá a extinción gradual das ensinanzas que deixan de impartirse nos institutos de educación secundaria que se transforman en centros integrados de formación profesional.

Terceira.-Nos institutos de educación secundaria que no anexo a este decreto se prevé que no curso académico 2006-2007 e 2007-2008 se transformen en centros integrados de formación profesional, non se impartirán, no próximo curso académico 2006-2007, as ensinanzas de primeiro de educación secundaria obrigatoria. Nos seguintes anos iran se deixando de impartir gradualmente os restantes cursos de educación secundaria e, se é o caso, bacharelato e programas de garantía social, ata a súa extinción.

Cuarta.-A nova rede experimental de centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia queda configurada polos centros que se relacionan no anexo ao presente decreto, e entrará en funcionamento no curso académico que nel se especifica.

Disposición transitoria

Os centros integrados de formación profesional que se crean por desdoblamento dun instituto de educación secundaria poderán compartir temporalmente os espazos comúns.

Disposición derogatoria

Quedan derogados o artigo 2º, centros integrados de formación profesional; o artigo 5.1º, requisitos específicos dos centros integrados; a disposición adicional e o anexo do Decreto 325/2003, do 18 de xullo, polo que se autorizan e regulan os centros integrados de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, e as demais normas de igual ou inferior rango no que se opoñan ao establecido neste decreto.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Habilítase a persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a persoa titular da Consellería de Traballo para proceder ao desenvolvemento deste decreto nos seus respectivos ámbitos competenciais.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, sete de setembro de dous mil seis.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO

Curso académico 2006-2007

Código	Denominación do centro	Consellería titular	Enderezo	CP	Concello	Provincia	Por transformación do
15022607	CIFP Ánxel Casal	Educación e O.U.	Estrada de circunvalación	15002	A Coruña	A Coruña	IES Ánxel Casal
15016000	CIFP Compostela	Educación e O.U.	Lamas de Abade, s/n	15702	Santiago de Compostela	A Coruña	IES Compostela
15015767	CIFP Monte de Conxo	Educación e O.U.	R/ Rosalía de Castro, 133	15706	Santiago de Compostela	A Coruña	IES Monte de Conxo
15006778	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	Educación e O.U.	Avda. de Castelao, 64	15406	Ferrol	A Coruña	IES Rodolfo Ucha Piñeiro
32015050	CIFP A Farixa	Educación e O.U.	R/ Finca Farixa, s/n	32005	Ourense	Ourense	IES A Farixa
36007552	CIFP A Granxa	Educación e O.U.	R/ Areas, s/n	36860	Ponteareas	Pontevedra	IES A Granxa
36020064	CIFP Carlos Oroza	Educación e O.U.	Montecelo s/n	36161	Pontevedra	Pontevedra	IES Carlos Oroza
36014568	CIFP Valentín Paz Andrade	Educación e O.U.	Avda. de Madrid 160	36214	Vigo	Pontevedra	IES Valentín Paz Andrade
15032391	CIFP Santiago	Traballo	Estrada de Santiago de Compostela-Figueiras	15898	Santiago de Compostela	A Coruña	Centro Nacional de FPO de Santiago
32020744	CIFP Santa María de Europa	Traballo	Praza da Lexión, 16	32002	Ourense	Ourense	Centro de FPO Santa María de Europa
36024525	CIFP de Coia	Traballo	R/ Baiona 28	36209	Vigo	Pontevedra	Centro de FPO de Coia

Código	Denominación do centro	Consellería titular	Enderezo	CP	Concello	Provincia	Por transformación do
15032583	CIFP Fene	Educación e O.U.	O Pazo	15528	Fene	A Coruña	IES de Fene
27020793	CIFP Porta da Auga	Educación e O.U.	Avda. de Lurca, s/n	27700	Ribadeo	Lugo	IES Porta da Auga

Curso académico 2007-2008

Código	Denominación do centro	Consellería titular	Enderezo	CP	Concello	Provincia	Por transformación do
15024513	CIFP Someso	Educación e O.U.	R/ Someso, 6	15008	A Coruña	A Coruña	IES Someso

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 16 de agosto de 2006 pola que se autoriza o cambio de denominación do CRA de Pontearreas na provincia de Pontevedra.

Tendo en conta o artigo 8, punto 1º, do anexo do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG do 21 de outubro), así como os correspondentes informes, por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, esta consellería,

DISPÓN:

Autorizar o cambio de denominación do colexio que no anexo se relaciona.

Santiago de Compostela, 16 de agosto de 2006.

Laura Sánchez Piñón

Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Provincia: Pontevedra.

Concello: Pontearreas.

Localidade: Moreira.

Código de centro: 36024069.

Denominación: Colexio Rural Agrupado de Pontearreas.

Nova denominación: Colexio Rural Agrupado A Picaraña.

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Orde do 7 de setembro de 2006 sobre delegación de competencias nos órganos centrais e periféricos desta consellería.

O 19 de agosto de 2005 publícase no *Diario Oficial de Galicia* a Orde do 18 de agosto sobre delegación e desconcentración de competencias nos órganos centrais e periféricos da Consellería de Traballo.

A necesidade de adaptar a citada disposición á actividade administrativa real da consellería aconsella modificar certos aspectos desta.

Coa presente disposición preténdese acadar unha maior axilidade no trámite e resolución dos asuntos que beneficie aos administrados, sen esquecer o debido respecto aos principios informadores do procedemento administrativo e sen menoscabo das garantías xurídicas establecidas, delegando no secretario xeral e nos titulares doutros órganos centrais e periféricos da consellería o exercicio e titularidade de determinadas competencias legalmente atribuídas ao conselleiro.

Na súa virtude, facendo uso das facultades que me confiren os artigos 38, 43.3º e 44 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e o artigo 72.4º do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e tendo en conta o disposto nos artigos 12 e 13 da

Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro e demais disposicións de xeral aplicación,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Deléganse no secretario xeral as competencias que se relacionan a seguir, sen prexuízo das que son obxecto de delegación nos directores xerais, nos delegados provinciais e no presidente do Consello Galego de Relacións Laborais reguladas nos artigos 2º, 3º e 4º desta orde:

a) O despacho e resolución daqueles expedientes e asuntos de índole administrativa que lle estean atribuídos ao titular da consellería.

b) A autorización e disposición dos gastos xerais dos servizos da consellería non delegados expresamente noutros órganos, así como o seu compromiso e liquidación, ata o límite dos créditos autorizados e non reservados á aprobación do Consello da Xunta de Galicia, solicitando da Consellería de Economía e Facenda a ordenación dos pagamentos.

c) A tramitación e resolución daqueles expedientes de desconcentración dos créditos necesarios para o efectivo exercicio das funcións atribuídas aos delegados provinciais.

d) As funcións que como órgano de contratación lle son atribuídas ao titular da consellería pola lexislación vixente, agás as delegadas expresamente noutros órganos.

e) A designación das comisións de servizos con dereito a indemnización, previstas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, do persoal destinado nos servizos centrais e dos delegados provinciais, así como a autorización para asistiren a cursos e actividades de formación e perfeccionamento do dito persoal.

f) As facultades que lle corresponden ao conselleiro en materia de persoal, nos termos establecidos no artigo 15 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modificada pola Lei 4/1991, do 8 de marzo, e a Lei 3/1995, do 10 de abril, agás as reservadas legalmente á competencia exclusiva daquel ou que se deleguen expresamente noutros órganos.

g) Dispoñer canto concirne ao réxime interno da consellería cando non sexa competencia exclusiva do conselleiro ou doutro centro directivo.

h) A resolución dos recursos administrativos de alzada e de revisión, cando a facultade de resolución corresponda ao titular da consellería, así como a facultade de suspender a execución dos actos impugnados, sen prexuízo do establecido no artigo 2º.3 desta orde.

i) A admisión a trámite e resolución das solicitudes de revisión de oficio, a declaración de lesividade dos actos anulables e a revogación de actos de gravame ou desfavorables, segundo o previsto no capítulo I do título VIII da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

j) Resolver as reclamacións previas á vía civil e laboral e os procedementos de responsabilidade patri-